

ANTÓN RIVEIRO COELLO ESCRITOR

«Non abonda dicir o pasado, hai que tentar comprendelo»

O autor novela con gran alento en «Laura no deserto» varias historias marcadas polo exilio e os segredos familiares

XESÚS FRAGA

REDACCIÓN / LA VOZ

Ao longo de máis de 700 páxinas, Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) novela en *Laura no deserto* (Galaxia) unhas historias cruzadas que abranguen a case totalidade do século XX e que se desenvolven en escenarios tan diversos como A Pobra, Nova York ou un campo de exterminio nazi, enfiadas polas circunstancias do exilio, como as que viviu Mercedes Núñez, que inspira parte dun libro que, en realidade, é a suma de varios libros.

—**¿Como foi o deseño dunha novela que inclúe tantos elementos?**

—Adoito ser bastante meticoloso na arquitectura das miñas novelas e non me poño a escribir se ese edificio non está construído. Recoñezo a miña fascinación pola técnica e nesta novela botei man de moitos recursos narrativos usados noutras obras anteriores, coma *A quinta de Saler*, *A esfínx de amaranto* ou *As regras de Bakunin*. Pero todo ese proceso formal, toda esa complexidade de historias cruzadas só é aparente porque aquí a técnica está ao servizo do lector coma un complemento que case non se nota.

—**Hai unha simbiose entre o individual e os grandes acontecementos históricos.**

—A miña preocupación sempre foi a de me achegar aos grandes acontecementos a través da ollada deses heroes calados que non



Os libros de Riveiro Coello falan de heroes calados. SIMÓN BALVÍS

figuran nas grandes páxinas da historia, que sempre repara nos grandes grupos humanos e nas súas estruturas. A miña literatura adoita deterse na vida privada do home, no fragmentario, no particular, pero sempre coa dimensión do colectivo.

—**O segredo familiar está na cerna da novela. ¿Descubrilo é poder entender aos nosos devanceiros?**

—É algo moi presente na miña obra. Ese silencio xeracional, sobre todo despois da guerra, na que os maiores lles agachan aos fillos moitas miserias e traumas que eles sufriron. Supoño que o intento da literatura de chegar a eses espazos non comparti-

dos se produce por unha necesidade de comprensión dos devanceiros. Ademais, coido que os segredos e os seus misterios turran do lector e achegan certa tensión narrativa.

—**¿Que aprendemos como lectores destes episodios?**

—As guerras non deben ser un monumento, senón un instrumento de información para a nosa capacidade de xulgar e analizar o presente. Non abonda con dicir o pasado se non procuramos comprendelo. É unha operación dura porque corremos o risco de deixar de ser humanos, pero convén recoñecer a nosa imaxe na caricatura que nos devolven estes conflitos.


O novo selo Punto G Edicións estréase con «O clan do oso das cavernas», de Jean M. Auel

REDACCIÓN / LA VOZ

Un novo selo nace en Galicia, Punto G Edicións, e estréase cun libro de éxito, *O clan do oso das cavernas*, o primeiro volume dunha serie de seis que xa leva vendidos máis de 45 millóns de exemplares en todo o mundo. Trátase de *Os fillos da Terra*, da autora norteamericana Jean M. Auel, e que agora se traduce por vez primeira ao galego.

Publicada orixinariamente en 1980, *O clan do oso das cavernas* continúa a ser un dos libros máis vendidos e lidos. Conta a historia de Ayla, unha nena cromañón que despois dun terremoto perde a súa tribo. A piques de morrer, é rescatada por unha tribo de neandertais e sandada pola súa curandeira, que a acolle como a súa filla adoptiva.

O éxito desta serie atópase en que, grazas ás súas narracións, os lectores poden mergullarse na Idade de Pedra: un



Capa do libro de Auel.

tipo de novela histórica diferente á da época antiga ou a Idade Media.

Os responsables de Punto G afirman que con este lanzamento pretenden «sintonizar cos gustos lectores maioritarios» e ofrecer ao público galego títulos de éxito traducidos á súa lingua, do que isto é o primeiro chanzo.

Urbizu y Zambrano llevan su cine al desierto con FiSahara

MADRID / EFE

Los directores Enrique Urbizu y Benito Zambrano y la actriz Inma Cuesta participan este año en el Festival Internacional de Cine del Sahara, FiSahara, la única muestra cultural de este tipo que se desarrolla en un campamento de refugiados, concretamente en el de Tinduf (Argelia). El FiSahara celebra su novena edición, un año más, en el alejado poblado de Dajla, «el desierto dentro del desierto», para mostrar a los saharauis una muestra del mejor cine español del 2012 y con México como país invitado.

Codirigido por José Taboada, presidente de la Coordinadora de Asociaciones Solidarias con el Sáhara (CEAS-Sáhara), y el actor Willy Toledo, el festival llevará a las pantallas móviles del desierto la ganadora en los Goya 2012, *No habrá paz para los malvados*, y *Chico y Rita*, candidata a los Óscar.

Katmandú, *un espejo en el cielo*, *La voz dormida*, *Eva*, *El sueño de Iván* e *Hijos de las nubes*, segundo documental producido por Javier Bardem tras *Invisibles*, son algunas películas que se podrán ver en este festival solidario.

NUEVA NOVELA

Martín Garzo vuelve a sus orígenes

Gustavo Martín Garzo vuelve a sus orígenes. El escritor retoma en su última novela, *Y que se duerma el mar* (Lumen), las claves y el territorio de *El lenguaje de las fuentes*, su catapulta y premio nacional de Narrativa en 1994. Es «una celebración de la vida y la maternidad», para «humanizar y devolver al mundo a María», la joven madre de Jesús que le «exigió» contar su historia con su propia voz, dice el escritor. COLPIA

PERIODISMO

Huffintong defiende a las clases medias

«Los Estados Unidos del Tercer Mundo». Esta es la advertencia con la que arranca el nuevo libro de Arianna Huffington, cofundadora del diario digital Huffington Post. *La traición al sueño americano. Cómo los políticos han abandonado a la clase media* (Taurus), que se publica en España, es el duodécimo libro de esta mujer, reconocida como una de las cien personas más influyentes del mundo por *The Times*. EFE



Alain Delon. STRINGER REUTERS

GALARDÓN HONORÍFICO

Alain Delon recibe un premio en Moscú

El actor francés Alain Delon recogió en la Sala de Conciertos Rusia, en Moscú, un premio honorífico minutos después de haber sido atendido por médicos de urgencias al sufrir una repentina subida de tensión, tres días después de ser operado de una arritmia cardíaca en París. El actor llegó a Rusia para participar en la séptima edición de la gala Armenia Music Awards, organizada por la diáspora armenia. EFE

MUESTRA

Farhadi promociona el cine iraní en Cuba

El laureado cineasta iraní Asghar Farhadi llegó ayer a Cuba para participar en una muestra de cine de su país que comienza hoy en La Habana y que incluye la proyección de su película *La separación*, ganadora de un óscar. A su llegada al aeropuerto internacional de La Habana para su primera visita a la isla, Farhadi «expresó su deseo de conocer a los cubanos», pues «durante años ha oído hablar de Cuba y de su gente». EFE